

# CONVOCATORIA DE SETEMBRO PARA AS PROBAS LIBRES DO CICLO DE CONDUCCIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICO- DEPORTIVAS NO MEDIO NATURAL.

## PROBAS DO MÓDULO DE DESPRAZAMENTO, ESTANCIA E SEGURIDADE NO MEDIO TERRESTRE.

### 1. ESTRUCTURA E PROCEDEMENTO DA PROBA.

#### 1.1 ESTRUCTURA DA PROBA.

As probas deste módulo se compoñen de 2 partes:

- Un examen teórico con preguntas teórico e teórico- prácticas dos contidos traballados o longo do curso, cunha duración aproximada de 2 horas.

- E unhas probas prácticas de elaboración de nós e de orientación con mapa, compás e mapa/ compás dunha duración aproximada de entre 1- 1 e ½ horas.

#### PROCEDEMENTO DAS PROBAS.

A proba teórica será examen escrito con preguntas curtas e supostos teórico- prácticos.

As probas prácticas realizaranse no exterior do centro, e utilizarei instrumentos de observación, mais concretamente escalas de clasificación tanto gráficas como descritivas que permiten valorar o grao de acercamento ó obxectivo.

### 2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

#### 2.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Comparar diferentes tipos de mapas e interpretar a súa simboloxía.
2. Calcular desniveis e distancias lonxitudinais a partir de mapas de diferentes escalas.
3. Recoñecer e interpretar diferentes signos naturais para orientarse.
4. Manexar axeitadamente o compás e describir o seu funcionamento.
5. Calcular azimuts, triangular e calcular coordenadas.
6. Identificar a información previa necesaria para a planificación do itinerario: información turística da zona, mapas, meteoroloxía, condicións do medio, e características do grupo.
7. Confeccionar follas de ruta establecendo: sector, azimut, distancia reducida, desnivel, pendente e tempo.
8. Analizar trazados de itinerarios.
9. Coñecer o código internacional de senderismo.
10. Explicar as características do equipo e o material necesario para diferentes tipos de marcha e a distribución axeitada do material nas mochilas e describir os coidados preventivos do material persoal e o específico de montaña.
11. Determinar as indicacións que debe recibir o grupo antes e durante a marcha.
12. Realizar con destreza os nós de encordamento, unión de cordas e bloqueo, que usualmente se utilizan para o aseguramento describindo a funcionalidade e características de cada un deles.

13. Realizar as técnicas de aseguramento máis axeitadas a diferentes situacións e circunstancias do medio e das persoas.
14. Explicar as características da flora e a fauna dunha zona determinada indicando os lugares onde se poden localizar especies vexetais e animais representativos.
15. Enumerar tipos de espazos naturais protexidos de Galicia e explicar as súas características.
16. Explicar a funcionalidade, características e condicións de uso do material de seguridade.
17. Executar as técnicas para acceder ao accidentado, aseguralo e transportalo.
18. Describir as normas de comportamento e de utilización de equipos e material de seguridade en diferentes situacións de perigo en montaña: incendios, aludes, tormentas, néboa, caídas, desprendementos, bloqueos, etc.
19. Elaborar un plan de evacuación ou rescate e interpretar e realizar os signos internacionais de socorro.
20. Interpretar a simboloxía da carreira de orientación.

## 2.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación ou sistema de puntuación que imos utilizar é como segue:

### CUALIFICACIÓN EN %:

1. Probas teóricas e teórico- prácticas: 60%
2. Probas prácticas: 40%

Para poder facer media, o alumno debe mostrar competencia en todas as probas polo que e imprescindible obter un mínimo de 5 nas probas teóricas, teórico- prácticas e nas probas prácticas.

## 2.2 MÍNIMOS ESIXIBLES

1. Saber interpretar un mapa.
2. Confeccionar follas de ruta establecendo: sector, azimut, distancia reducida, desnivel, pendente e tempo.
3. Saber utilizar axeitadamente o compás e describir o seu funcionamento.
4. Recoñecer a sinalización empregada nos sendeiros balizados e homologados, así como a sua clasificación.
5. Describir todo o que debemos ter en conta para planificar unha ruta.
6. Demostrar destreza na elaboración de nós de montañismo e escalada e coñecer a sua utilización.
7. Describir as características que debe ter o equipamento básico de montaña.